

## ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 25 DE MARZO DE 2026, CON CARÁCTER ORDINARIO

### SRES. ASISTENTES:

Presidente	D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Concelleiros/as:	D. MANUEL COSTA CARNEIRO
	D. JOSÉ MANUEL GONZÁLEZ COUTO
	D <sup>a</sup> . MARÍA SUSANA GARCÍA LEMA
	D <sup>a</sup> . DIANA VARELA BARREIRO
	D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ
	D. JUAN MANUEL CERNADAS MÉNDEZ
	D. JOSÉ CALDELAS GONZÁLEZ
	D. XOSÉ ANTÓN POSE RODRÍGUEZ
	D <sup>a</sup> . YOLANDA VIEIRO CEBEIRO
	D. XESÚS CASTRO BLANCO
	D. JESÚS GONZÁLEZ CORBELLE
	D <sup>a</sup> . MARÍA BEGOÑA GONZÁLEZ PICANES
Secretaria	D <sup>a</sup> . MERCEDES PEREIRAS CALDELAS

Na casa do Concello de Vedra, sendo as vinte horas e trinta e cinco minutos do día vinte e cinco de marzo de dous mil vinte e seis, baixo a presidencia de D. Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ao comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

### ORDE DO DÍA

#### **1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (18/02/2026)**

Dáse conta da acta da sesión plenaria ordinaria do día 18/01/2026 que se aproba por unanimidade dos asistentes.

#### **2º.- Acordo, se procede, sobre adhesión ao novo convenio asinado entre a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático e o sistema de responsabilidade ampliada dos produtores (SRAP) de envases domésticos de envases lixeiros e de papel cartón dun só uso denominado Ecoembalajes de España S.A. (ECOEMBES) (Expediente 2026/A006/000003)**

O pasado 29.01.2026 asinouse un novo convenio marco entre a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático e o sistema de responsabilidade ampliada dos produtores (SRAP) de envases domésticos de envases lixeiros e de papel cartón dun só uso denominado Embalajes de España S.A (ECOEMBES) coa vontade de facilitarlle ás entidades locais que desexen adherirse ao mesmo un instrumento xurídico ao abeiro do cal as partes involucradas organicen, consonte ás competencias que a cada unha lle correspondan, as actividades de xestión destes residuos co fin de asegurar , no ámbito da Comunidade Autónoma e para o período 2026-2030, co esixido no marco normativo aplicable, sinaladamente no Real decreto 1055/2022, do 27 de decembro, envases e residuos de envases, así como nas demais normas legais que sexan de aplicación a este tipo de residuos.

O novo convenio marco introduce unha mellora significativa nas compensacións económicas respecto ao anterior, cun incremento medio nos pagos pola recollida de envases lixeiros de case un 17% e pola recollida de papel –cartón en máis do 87%.

As entidades locais que se adhiran a este convenio marco no prazo de tres meses dende a sinatura do convenio, de conformidade co disposto na cláusula décima poderán beneficiarse da previsión da eficacia da retroactividade do mesmo dende o 01.01.2024.

De acordo co disposto na cláusula terceira do citado convenio propónse ao pleno:

PRIMEIRO.- Solicitar á adhesión do Concello de Vedra ao convenio marco asinado entre a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático e o sistema de responsabilidade ampliada dos produtores (SRAP) de envases domésticos de envases lixeiros e de papel cartón dun só uso denominado Ecoembalajes de España S.A (ECOEMBES), na seguinte modalidade:

**X Modalidade C: “SRAP FINANCIÁ”**

SEGUNDO.- Remitir a solicitude de adhesión xunto coa restante documentación á Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático.

Posto a votación, apróbase por unanimidade.

### **3º.- Dar conta da aprobación da liquidación do orzamento do exercicio económico 2025 (2026/T019/000001)**

Dáse conta da aprobación da liquidación do orzamento do exercicio 2025 aprobada por R.A 186/2026 do día 26 de febreiro de 2026 que se transcribe a continuación:

#### **Antecedentes**

Consta no expediente 2026/T019/000001

- Providencia da alcaldía de incoación do procedemento para a confección e aprobación da liquidación do orzamento do exercicio 2025.
- Informe da secretaría en relación coa lexislación aplicable e o procedemento a seguir.
- Informe da intervención da liquidación, de conformidade co esixido no artigo 191.3 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, que incorpora os seguintes anexos:
  - o Anexo I “Estado de liquidación do orzamento de gastos”
  - o Anexo II “Estado de liquidación do orzamento de ingresos”
  - o Anexo III “Resultado orzamentario”
  - o Anexo IV “Remanentes de crédito”
  - o Anexo V “Estado do remanente de tesouraría”
- Informe da intervención de avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, do cumprimento da regra de gasto e da débeda pública.

#### **Fundamentos xurídicos**

De conformidade cos artigos 191 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e 89 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, *o Orzamento de cada exercicio liquidarase en canto á recadación de dereitos e ao pago de obrigas o 31 de decembro do ano natural correspondente, quedando a cargo da Tesouraría Local os ingresos e pagos pendentes, segundo as súas respectivas contraccións. As entidades locais deberán confeccionar a liquidación do seu orzamento antes do día primeiro de marzo do exercicio seguinte.*

Á vista dos antecedentes e fundamentos xurídicos, en base as atribucións que me outorga a lexislación vixente:

## RESOLVO

**Primeiro:** Aprobar a liquidación do orzamento correspondente ao exercicio económico 2025 cos estados que forman parte do expediente de liquidación, que reproducen toda a documentación que regula a Orde HAP/1781/2013, do 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de contabilidade local, incorporando a esta resolución as magnitudes máis importantes e que resumen a totalidade da xestión económica e financeira da Entidade:

- Resultado orzamentario axustado positivo de 275.941,37 euros o que supón unha situación de superávit derivada da execución do orzamento do exercicio 2025.
- Remanente de tesourería para gastos xerais negativo de -314.779,14 euros o que amosa unha falta de capacidade económica (liquidez) para facer fronte as obrigas contraídas.
- Cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, entendida como a situación de equilibrio ou de superávit en termos de capacidade de financiamento de acordo coa definición contida no SEC 2010.
- Cumprimento do obxectivo da Regra de Gasto, entendido como a situación na que a variación do gasto computable non supera a taxa de referencia de crecemento do PIB correspondente a este exercicio.
- Cumprimento do límite de débeda segundo o artigo 53 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

**Segundo:** Dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que celebre, de acordo co establecido nos artigos 193.4 del Texto Refundido de la Lei reguladora das facendas locais aprobado por Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, e 90.2 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril.

**Terceiro:** Remitir copia da mesma a través da plataforma da Oficina Virtual para a Coordinación Financeira coas entidades locais, antes de finalizar o mes de marzo de conformidade co establecido na Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.”

O Sr. Pose, do BNG, di que logo de analizar a liquidación, esta presenta un superávit de 275.000 €. Sorpréndelle que despois de presentar ese superávit apareza un remanente negativo de 314.000 €. É dicir, o remanente negativo é o que queda na conta despois de pagar todo, -314.000 € e sen embargo presentan unha liquidación onde aseguran que hai un superávit e non hai cartos para pagar 314.000 €. Solicita unha explicación.

Cre que se debería dedicar máis tempo á análise da liquidación que a cando se elaboran e presentan os orzamentos. Independentemente de que o grupo de goberno vai vender que hai un superávit, o resultado é que non hai cartos para pagar 314.000 € e o grupo de goberno segue utilizando pólizas de crédito de xeito sistemático. Pregunta por que se recorre a pólizas de crédito para financiar gasto ordinario, porque normalmente acódesse a elas cando hai un gasto extraordinario.

Outro problema que detecta na liquidación é que non se executou un millón de euros. O total de créditos non gastados durante o exercicio ascende a 1.032.000 €. Aparecen como remanentes comprometidos dese millón de euros, 395.000 € e remanente non comprometido 637.000 €. Pregunta para que solicitan e incorporan recursos que despois non executan e se ten sentido acudir a financiamento externo para proxectos que non se levan a cabo.

Dálle a sensación de que se derivan cartos para o ano 2026, que se executou un 85% do orzamento municipal, que queda parte sen executar e que o grupo de goberno está facendo o

mesmo que fixo na lexislatura pasada co tema de asfaltado de estradas, derivar cartos para a campaña electoral do 2027.

Hai outra análise da liquidación. Existe un 40 % de dependencia no orzamento municipal da Deputación. Uns 2.300.000 € pertencen á Deputación. E hai un problema, porque os cartos da Deputación son cartos finalistas, é dicir, quen decide o que se fai ou non en Vedra é a Deputación. O primeiro ano de lexislatura do PP en Vedra, a Deputación estaba gobernada polo PP e deriváronse cartos do rural cara as cidades. Pregunta como quedaría o concello de Vedra se volve a gobernar o PP a Deputación e fan o mesmo, tendo un 40% de dependencia dos fondos que envía a Deputación.

En definitiva o resumo da execución destes orzamentos é un superávit orzamentario, pero non hai liquidez real. Hai un remanente de tesourería negativo de 300.000 €; un uso reiterado de financiamento a curto prazo; unha execución que non chega ao 100% e un volume elevado de crédito sen executar que supera o millón de euros.

Á Presidencia sorpréndenlle os comentarios do voceiro do BNG. A Presidencia trae ao pleno un documento técnico da liquidación do orzamento do 2025, sen máis.

A única preocupación que ten o grupo de goberno é poder eliminar no tempo o remanente negativo. Hai uns ingresos anuais e uns gastos anuais, e nese cómputo é onde se produce un superávit e grazas a ese superávit é cando se vai baixando o remanente negativo que se vén arrastrando dende hai uns anos. Hai dous anos estaban en -600.000 € en remanente negativo; o ano pasado eran -400.000 €, este ano -300.000 €. A idea é que para o ano se poidan seguir mantendo os servizos e baixar o remanente negativo que é o que afecta á liquidez.

As pólizas de crédito tamén se ven influídas polo remanente negativo, pero inflúe máis que o fluxo de ingresos e gastos non son correlativos nos concellos. Evidentemente hai obrigas de pago e como en moitas empresas hai pólizas de crédito para poder cumprir coas obrigas de pago mensuais. Ás veces hai que xustificar a liquidación das obras para que logo ingresen os cartos. O ideal sería que a final de ano a póliza de crédito se puidera amortizar e para iso é importante que vaia diminuindo o remanente negativo.

Por outro lado, cando fala da dependencia da Deputación, recórdalle que a Deputación o que fai é xestionar os cartos que son dos concellos. Recórdalle que a liquidación do orzamento son ingresos (6.352.000 €) e gastos (6.202.000 €). Iso é o que se ingresou e executou no 2025.

O Sr. Pose, do BNG, replica que a liquidación é como se gastan os cartos anualmente, o importante dun ano, non o orzamento. É o que debería ser o debate anual e non o orzamento. Solicita que lle explique aos veciños que teñen un superávit pero que non poden pagar débedas.

A Presidencia responde que o concello de Vedra paga as súas facturas e que intentan facer a mellor xestión posible dos recursos cara os veciños e unhas veces conségueno e outras non.

O pleno dáse por informado.

#### **4º.- Contestación ás preguntas formuladas en plenos anteriores**

-- Ás preguntas formuladas polo Sr. Pose Rodríguez, do BNG, a Presidencia contesta:

1º.- Sobre a contratación dos servizos e execución de actuacións de carácter supramunicipal do Plan de Sostenibilidade Turística Terras de Santiago respecto a:

a.- Sobre a avaliación das actividades realizadas ata o día de hoxe de forma xenérica en todos os concellos e en particular en Vedra, a Presidencia di que tanto as accións que promove cada concello particularmente como as accións comúns, teñen que estar rematas a 30/06/2026. Todo apunta a que se cumprirán en prazo e correctamente todas as accións e será nese momento onde se poderá facer a valoración das mesmas.

b.- Respecto a se considera que funcionaron de forma correcta os mecanismos de control político e administrativo do concello no proceso de contratación vinculado a ese expediente, a Presidencia contesta que entende que si.

c.- En relación á valoración do goberno municipal sobre o cumprimento das obrigas en materia de prevención de conflito de interese, nomeadamente no relativo á declaración da ausencia de conflito de intereses (DACI), a Presidencia contesta que se cumpriron perfectamente as obrigas legais establecidas.

d.- Sobre se se garantiu neste proceso de licitación a igualdade e a libre concorrència no procedemento, a Presidencia di que se cumpriron perfectamente as obrigas legais establecidas.

e.- Respecto que análise fixo o executivo municipal á diferenza económica existente entre as ofertas presentadas e sobre o posible impacto que esta situación pode ter, tanto dende o punto de vista financeiro como de reputación para o concello, a Presidencia di que o concello non fixo ningunha análise porque non ten ningunha análise que facer. Tanto a Presidencia como o executivo municipal, como en calquera proceso de contratación ou licitación, remítese ao que decide a mesa de contratación e ás súas resolucións.

2º.- Sobre o problema de filtracións e goteiras que existen no edificio do arquivo municipal histórico, a Presidencia di que é certo que hai un problema de goteiras e humidades nese espazo. Existe unha memoria feita e presentada para o seu arranxo e que se acudiu a varias convocatorias de subvención e de momento non concederon a axuda para poder acometer a obra porque ten un custe elevado.

Os documentos están perfectamente preservados e conservados. Eses problemas non están afectando á conservación dos documentos.

3º.- Respecto ao proceso de rehabilitación e cambio de cuberta da nave de ADIF en Santa Cruz, a Presidencia di que esa obra estase facendo en base a un convenio asinado coa Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude asinado o 18/06/2025. O proxecto ascende a unha cifra superior aos 200.000 €. A achega da Xunta son 150.000 € divididos en 75.000 € no ano 2025 e 75.000 € no 2026.

Había que ter executado e xustificado a parte correspondente a 2025 antes de finalizar o ano 2025, porque senón perdíase a parte correspondente da subvención.

En xuño de 2025 asinouse o convenio; o 11 de xullo de 2025 apróbase o expediente de contratación e o prego de cláusulas e o prazo de presentación de ofertas remataba o 31/07/2025.

O 04/08/2025 constitúese a mesa de contratación e iníciáanse todos os procesos, que teñen os seus trámites e convocatorias, presentación e análise de documentación, etcétera. O 18/09/2025 a mesa de contratación acorda aceptar a oferta gañadora e requírelle á empresa para que no prazo de sete días hábiles presente a documentación preceptiva para a adxudicación do contrato. O contrato adxudícase o 02/10/2025 e formalízase o 07/10/2025. O 21/10/2025 apróbase o plan de seguridade e saúde, e o 01/12/2025 asínase a acta de replanteo.

O proceso de adxudicación foi bastante breve para o que soe ser neste tipo de contratos. As condicións climatolóxicas eran as que eran e non houbo outro remedio que iniciar a obra en inverno.

Estanse avaliando os danos, que foron menos dos que en principio se consideraba. Agora queren terminar a obra de xeito correcto e que se reparen todas as posibles deficiencias que puido provocar iso.

Sobre quen se fará cargo, di que para iso hai uns contratos e unha normativa a aplicar. Está convencido de que non vai haber discrepancias en quen ten que ser o responsable de resolver os danos que se produciran. En calquera caso a asesoría xurídica resolverá as mesmas.

4º.- En canto a se pensa facer un novo PXOM, a Presidencia di que tramitaron unhas modificacións do PXOM, outras están en trámite e proximamente presentarán outras xa que son as ferramentas utilizadas para intentar mellorar o PXOM. Fano cuns criterios claros: que se axusten á legalidade e que sexan para mellorar aos veciños de Vedra.

Unha das reclamacións dos veciños é que se poidan ampliar as zonas de núcleo rural, pero que desde que se modificou a Lei do solo de Galicia no 2010, e despois se mantivera na lei do 2016, non é factible. Tal e como está agora mesmo na lei a delimitación destes núcleos e a posible ampliación dos mesmos, non se dan ampliado. Se agora se fixera un PXOM novo, os núcleos rurais de Vedra serían aínda máis pequenos. Mentres non cambie a lei é moi difícil.

-- Ás preguntas formuladas por dona Yolanda Vieiro, do BNG a Presidencia contesta:

1º.- Sobre o tema das citas médicas no centro de saúde de Vedra, a Presidencia di que fixeron unha reclamación en xerencia e ten que dicir que as dúas doutoras que viñeron agora están facendo un esforzo importante para coordinar e actualizar as citas. O terceiro médico está nunha baixa prolongada e segundo lle dixeran incorpórase despois de Semana Santa.

Intervén dona Yolanda Vieiro, do BNG, para dicir que neste mes que pasou dende que fixo a solicitude no pleno de febreiro, dende a App do Sergas houbo días, mesmo semanas, nas que os pacientes dese terceiro médico no puideron solicitar ningún tipo de cita, co cal tiñan que chamar o desprazarse para solicitar unha cita. Cónstalle o esforzo das outras dúas doutoras, mesmo traballando pola tarde. Todo isto vén sendo culpa da Xunta.

## **5º.- Rogos e preguntas.**

-- O Sr. Pose Rodríguez, do BNG, pregunta:

1º.- Se é consciente de que a empresa adxudicataria do contrato do Plan de Sostenibilidade Turística Terras de Santiago ía uns 100.000 € máis alta, con case ningunha experiencia na materia, con practicamente un só traballador e conseguiu o contrato ante unha empresa que ía un 27% máis barato, con inmensa experiencia e mesmo premios por labores similares nesta materia. Pregunta se segue pensando que ese proceso se realizou con todas as garantías.

2º.- Cando se fixo a cesión no seu momento da documentación do arquivo histórico de Arxentina, naquel convenio había unha indicación, que era que eses documentos viñan a Vedra para que se fixera unha copia e logo decidírase se esa copia quedaba en Vedra e ían de volta os orixinais ou ao revés. Solicita que recuperen ese convenio e se revise.

No caso de que non se executara esa cláusula solicita que se poñan en contacto coa xente da emigración e que cumpran esa cláusula.

Aínda que eses documentos os conserve o concello de Vedra, xeráronse en Arxentina e forman parte da documentación histórica dos arxentinos.

Dona Yolanda Vieiro, do BNG, suxire que de paso fagan un traballo de divulgación para dar a coñecer aos veciños esa documentación.

-- Dona Begoña González, do PSdeG-PSOE, pregunta:

1º.- En fronte do centro de saúde pechouse unha parcela e queda un anaco que é propiedade do concello. Pregunta se hai posibilidade de pegara beirarrúa ao peche e gañar un espazo para aparcas. Agora mesmo están aparcando coches en riba da beirarrúa.

2º.- Roga que se lle inste á empresa que xestiona o punto limpo a que non o teña como hai quince días.

Conclúe ao fio das vinte e unha horas e vinte e cinco minutos.